



INSTITUTO DE INVESTIGACIÓN SANITARIA  
SANTIAGO DE COMPOSTELA

## Os investigadores do IDIS acadaron máis de 43,5M € o pasado ano e desenvolven máis de 118 proxectos de investigación

- Foron máis de 1.000 os artigos científicos publicados o pasado ano
  - Conta xa cun total de 1183 investigadores integrados en 7 áreas de investigación biomédica

**Santiago de Compostela, 19 de xuño de 2023.-** Numerosos investigadores acudiron esta mañá á presentación da memoria anual do ano 2022 do Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago (IDIS). O acto puxo de manifesto novamente a puxanza e a posición de liderado da investigación compostelá no eido galego e nacional, con importantes logros na captación de recursos e na produción científica, como así o reflicten os resultados presentados pola súa directora científica, María Luz Couce Pico.

Os datos obtidos o ano pasado, supoñen unha captación de fondos que supera os 43 millóns e medio de euros (43.577.655€), dos cales 23,5M € corresponden a proxectos de investigación competitivos, “sendo o cuarto centro nacional en proxectos públicos activos e o terceiro no número de proxectos europeos captados”, segundo sinalou a directora. Estes fondos foron invertidos en 118 proxectos nacionais, autonómicos e internacionais; e 375 contratos e servizos.

En canto ao número de publicacións científicas, incrementouse nos últimos anos con máis de 1.000 artigos publicados no 2022, contando cun factor impacto medio de 8,3 puntos. O 24,33% do traballo foi realizado por equipos do IDIS, mentres que o 40,25% fíxose en colaboración con centros estranxeiros. Os resultados tamén mostran un total de 103 ensaios clínicos e 114 estudos doutras materias.

Neste senso, a directora científica do IDIS, M<sup>a</sup> Luz Couce Pico, quixo resaltar a necesidade de fomentar a implicación dos servizos e grupos de investigación, así como recoñecer o apoio por parte da consellería de Sanidade, a Universidade de Santiago de Compostela e a xerencia do Hospital Clínico Universitario de Santiago. “Para nós é importante que estas entidades nos axuden no noso labor de investigación, é a forma de mellorar aqueles aspectos que faciliten o traballo do noso persoal investigador”, en palabras da directora.

“A investigación que realizades contribúe, sen dúbida, a mellorar a calidade da práctica asistencial que se presta hoxe mesmo aos nosos doentes, á vez que supón un gran estímulo e fonte de motivación para os profesionais, e unha interesante riqueza investigadora para a nosa contorna”, sinalou pola súa parte a xerente da Área Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza, Eloína Núñez, que tamén felicitou aos grupos de traballo do IDIS.

Ao acto de presentación asistiron a xerente do SERGAS, Estrella López Pardo, o reitor da



INSTITUTO DE INVESTIGACIÓN SANITARIA  
SANTIAGO DE COMPOSTELA

USC, Antonio López; o director da Axencia de Coñecemento en Saúde (ACIS), Antonio Fernández-Campa; a xerente da área Sanitaria de Santiago de Compostela, Eloína Núñez Masid; e a directora científica do IDIS, María Luz Couce Pico, quen deu a coñecer os resultados da memoria.

### **Capital humano de excelencia**

A directora científica do IDIS, quixo resaltar o labor dos investigadores, “é un orgullo continuar avanzando grazas á fortaleza deste Instituto, a masa crítica de investigadores conforma grupos de excelencia, sendo unha referencia a nivel nacional e internacional”, nas súas palabras. En total presentáronse 88 teses doutorais no 2022.

Na presentación dos resultados, resaltaron o incremento do capital humano desde a creación do Instituto no ano 2008. No 2022, o IDIS estivo composto dun total de 1183 persoas que se integran en 99 grupos de investigación, deles 42 son grupos emerxentes. Ao mesmo tempo, están organizados en 7 áreas de investigación: Oncoloxía; Xenética e Bioloxía de Sistemas; Endocrinoloxía, Nutrición e Metabolismo; Neurociencias; Plataformas e Metodoloxía; Cardiovascular; e Infectoloxía, Inflamación e Vacinas.

Para tratar de proseguir nesta liña, en 2022 púxose en marcha a Unidade Transversal de Metodoloxía da Investigación (UTAMI), co fin de axudar tamén aos investigadores novos e emerxentes. “Incorporamos nos nosos comités a actores non científicos representantes de entidades sociais, asociacións de pacientes e outras empresas privadas”, explicaron.

### **Unha incubadora de empresas biotecnolóxicas**

O instituto é unha “incubadora de empresas biotecnolóxicas”, segundo sinalou a directora científica. Os datos presentan a creación dun total de 13 empresas biotecnolóxicas que saen do centro de investigación, en total, 7 marcas rexistradas, 54 solicitudes de patente e 19 rexistros de propiedade intelectual.

A Spin-Off Diversa Technologies púxose en marcha este ano 2022, unha empresa recentemente premiada pola Real Academia Galega das Ciencias e liderada pola investigadora do IDIS, María de la Fuente, que desenvolve novas terapias e fármacos para o tratamento de pacientes a través de nanotecnoloxía. Como Diversa, outras empresas xurdiron do traballo de investigadores do IDIS: NasasBiotech, FlowReserve, BFlow, Dart, Oubio e LincBiotech.

### **Máis información sobre o IDIS**

O Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela (IDIS) nace en 2008 froito da colaboración entre a Área Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza (SERGAS) e a Universidade de Santiago de Compostela. Como eixo da investigación sanitaria galega, está acreditado polo Instituto de Saúde Carlos III xa dende o 2010. O seu obxectivo é identificar e desenvolver novas solucións que dean resposta aos problemas de



INSTITUTO DE INVESTIGACIÓN SANITARIA  
SANTIAGO DE COMPOSTELA

saúde da sociedade. Cun equipo de 1213 investigadores, 106 grupos de investigación, 43,5 M€ de fondos captados no último ano, ol IDIS contribúe co seu labor a incrementar o coñecemento da saúde e á consolidación da innovación no sector sanitario.

**Saúdos,**